



CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A ASOCIACIÓN DE CENTROS TECNOLÓXICOS DE GALICIA PARA FOMENTAR A TRANSFERENCIA E INTERNACIONALIZACIÓN DA I+D+i DESENVOLVIDA EN GALICIA

Santiago de Compostela, a 9 de decembro de 2024

REUNIDOS

Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, nomeado mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73 do 14.04.2024), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril) e polo decreto 138/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e presidente da Axencia Galega de Innovación.

Jesús Ángel Lago Gestido, en calidade de presidente da Xunta directiva da Asociación de centros tecnolóxicos de Galicia (en adiante ATIGA) actuando en nome e representación desa entidade, en virtude do seu nomeamento, efectuado por acordo da Xunta directiva extraordinaria da asociación en reunión celebrada o 3 de xullo de 2024 e facultado para a sinatura do presente documento, en virtude das atribucións que figuran no artigo 25 dos estatutos de dita asociación.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e



EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Axencia Galega de Innovación (GAIN) é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Así se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos. Está adscrita á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

A Axencia Galega de Innovación ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes. Os seus estatutos atribúenlle a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19 do Estatuto de autonomía de Galicia e a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación e Innovación, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

Entre as funcións da Axencia está o desenvolvemento de programas de apoio aos grupos de investigación e centros tecnolóxicos para que incrementen os seus resultados, e o de promover a progresiva internacionalización dos axentes do Sistema Galego de Innovación, entre os que se atopan os centros tecnolóxicos de Galicia, e das iniciativas de innovación, impulsando a presenza de empresas nos programas europeos de innovación e o acceso a fondos de financiamento internacionais.

SEGUNDO.- A Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación científica e a innovación de Galicia, ten por obxecto establecer o marco para o fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico, da transferencia e valorización de resultados e da innovación en Galicia en todas as súas vertentes, así como da súa xestión



eficiente. Esta lei, no seu capítulo III, establece o Plan Galego de Investigación e Innovación como instrumento fundamental de planificación e coordinación das políticas en materia de investigación, transferencia, valorización e innovación en Galicia.

Con data 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia adopta o acordo mediante o cal se aproba a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación da Comunidade Autónoma neste período, así como o Plan galego de investigación e innovación 2022-2024, que concreta desde un punto de vista operativo este marco estratéxico.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e a sociedade galega. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a 3 prioridades temáticas transversais, e pola outra reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de 5 obxectivos estratéxicos, arredor dos que articula os instrumentos e actuacións a desenvolver integrados nos correspondentes programas.

O presente convenio enmárcase na RIS3 de Galicia 2021-2027 e alíñase cos seus tres retos e tres prioridades. Ten como obxectivo estratéxico impulsar a presenza internacional de Galicia no ámbito da I+D+i (obxectivo estratéxico 5) integrándose polo tanto no programa Posiciona.

TERCEIRO.- A Asociación de Centros Tecnolóxicos de Galicia (ATIGA), constituída no ano 2012 ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación, é unha entidade sen ánimo de lucro con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar.

Constitúe o obxecto da asociación, conforme ao sinalado no artigo 6 dos seus estatutos, favorecer a cooperación entre os seus asociados, potenciar a relación cos demais axentes do sistema de investigación, desenvolvemento e innovación, impulsar políticas adecuadas para o seu desenvolvemento e prestar servizos de alto valor engadido aos seus membros.



Segundo o artigo 9 dos citados estatutos, poderán ser membros da asociación os centros tecnolóxicos cuxa sede radique na Comunidade Autónoma de Galicia, independentemente da forma xurídica na que os mesmos se atopen constituídos, co requisito inescusable de acreditar a condición previa de estar recoñecidos e rexistrados como centro tecnolóxico conforme ao Real Decreto 2093/2008, de 19 de decembro, polo que se regulan os centros tecnolóxicos e os centros de apoio á innovación tecnolóxica de ámbito estatal e se crea o rexistro de tales centros.

Son fins principais dos centros tecnolóxicos de ámbito estatal, conforme ao sinalado no artigo 3 do citado Decreto, contribuír á xeración de coñecemento tecnolóxico e a súa aplicación para o desenvolvemento e fortalecemento da capacidade competitiva das empresas no ámbito da tecnoloxía e a innovación.

Na actualidade son membros da asociación: ANFACO-CECOPESCA, AIMEN, CTAG, CETIM, GRADIANT, ENERGYLAB e ITG.

ATIGA ofrece soporte científico-tecnolóxico a practicamente todos os sectores estratéxicos da economía galega: mar-industria, alimentación, metal-mecánico, naval, automoción, aeronáutico, transporte, TIC, audiovisual, acuicultura, biotecnoloxía, sanitario, turismo, enerxético, químico e educativo.

Un dos obxectivos desta alianza tecnolóxica intersectorial é a participación conxunta en grandes proxectos consorciados así como en plataformas e foros tecnolóxicos, á vez que propiciar maiores oportunidades de actuación no ámbito internacional co fin de impulsar a competitividade e a excelencia tecnolóxica das empresas galegas.

CUARTO.- A innovación é un dos factores clave para incrementar a competitividade das empresas e neste punto é decisivo o papel que desempeñan os centros tecnolóxicos como focos de innovación e transferencia tecnolóxica, acompañando á industria na incorporación de procesos innovadores e no lanzamento de novos produtos.

ATIGA achega soporte científico á maioría dos sectores estratéxicos da economía galega, reunindo as condicións necesarias para facilitar a atracción e captación de investimentos;



actuando como referencia tecnolóxica do tecido produtivo galego, especialmente das pequenas e medianas empresas e impulsando a súa internacionalización.

A Xunta de Galicia aposta por unha innovación aberta, que promova a cooperación e a transferencia de resultados dos centros tecnolóxicos ao mercado. Neste sentido, considera prioritario seguir identificando, en colaboración con ATIGA, proxectos concretos que permitan aproveitar as oportunidades da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia – RIS3.

Tendo en conta o anterior, a Axencia Galega de Innovación, dentro das súas competencias, está interesada en apoiar a ATIGA, en reforzar o papel tractor dos seus centros tecnolóxicos impulsando, así, un novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento e apostando pola transferencia real de resultados de investigación ao tecido empresarial, contribuíndo con isto a reforzar o papel dos mesmos como axentes dinámicos e flexibles con fortes capacidades en investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación, con cultura emprendedora e creativa e capacidade de acompañar ás empresas nos procesos de internacionalización e favorecer coa súa labor a capitalización do coñecemento e a xeración de valor.

É intención da Axencia Galega de Innovación continuar a colaboración con ATIGA, iniciada coa sinatura dos convenios dos anos 2015, 2017, 2019 e 2021, no desenvolvemento de actividades que redunden no impulso e potenciación da alianza dos centros tecnolóxicos de Galicia para contribuír a maximizar o valor achegado e incrementar a competitividade no ámbito industrial e empresarial a través da xeración de sinerxías para potenciar a excelencia na investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación.

QUINTO.- En cumprimento do establecido nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, os obxectivos que se perseguen con este convenio resultan de interese xeral para a promoción económica, a innovación, o desenvolvemento tecnolóxico e a creación de emprego en Galicia e están en consonancia coas medidas de apoio á transferencia de investigación desde os Axentes de xeración e



difusión do coñecemento cara o mercado nun marco de innovación aberta conforme ao establecido na RIS3 Galicia e no Plan galego de investigación e innovación 2022-2024.

Así mesmo, dada a especificidade do obxecto do convenio e as especiais características de ATIGA como a alianza tecnolóxica intersectorial de Galicia que aglutina aos centros tecnolóxicos galegos con recoñecemento estatal, non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo.

Por conseguinte, as partes abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto regular as condicións de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Asociación de Centros Tecnolóxicos de Galicia (ATIGA) para a realización das actividades que se detallan no Anexo I e que se resumen nas seguintes liñas de actuación:

- Fomentar a visibilidade e competitividade do sistema galego de I+D+i, activando a presenza de ATIGA en redes tecnolóxicas europeas e a participación de empresas galegas nos proxectos dese ámbito.
- Promoción e difusión de ATIGA, das tecnoloxías emerxentes e do potencial dos centros tecnolóxicos para axudar a innovar ao tecido empresarial.
- Consolidar e mellorar a fortaleza e competitividade dos centros tecnolóxicos galegos, analizando a súa especialización e aliñamento coas tendencias claves a nivel europeo, o seu posicionamento e financiación a nivel nacional e internacional e a identificación de oportunidades conxuntas de actuación.

SEGUNDA.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollido no



Anexo II e que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 e a data límite de xustificación da axuda establecida no convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

Tendo en conta a natureza complexa das actividades do convenio e a dimensión e carácter estimativo do orzamento, a Axencia Galega de Innovación aceptará modificacións na distribución do gasto entre os diferentes conceptos subvencionables e entre as diferentes actividades que non supoñan minoracións en ningún destes conceptos/actividades superiores ao 10% da previsión inicial. Estas minoracións incrementarán as dotacións dos outros conceptos subvencionables e no seu caso das outras actividades.

A petición de ATIGA e previo informe favorable da comisión de seguimento prevista no convenio, a Axencia Galega de Innovación poderá autorizar variacións superiores ao 10% entre os diferentes conceptos subvencionables e entre as diferentes actividades recollidas no orzamento.

As modificacións sinaladas nos parágrafos anteriores serán posibles sempre e cando non supoñan un incremento do importe da subvención prevista total.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.

TERCEIRA.- Condicións económicas

As actividades obxecto do presente teñen un custo estimado de 225.000,00 euros, para o que a Axencia Galega de Innovación concede unha subvención a fondo perdido de 210.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 09.A2.561A.781.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma para os anos 2024 e 2025:



Aplicación orxamentaria.	Código de proxecto	Anualidade	
		2024	2025
09.A2.561A.781.0	2015.00016	90.000,00 €	120.000,00€
Total		210.000,00 €	

Por outra banda, ATIGA achegará, no desenvolvemento das accións definidas neste convenio, financiación dineraria e en especie para o deseño, coordinación e implementación de actividades desenvolvidas no convenio segundo as anualidades e importes máximos seguintes:

Achega ATIGA	2025	Total
	15.000,00 €	15.000,00 €

A subcontratación das actividades subvencionadas regularase polo disposto nos artigos 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal, respectando ao efecto os límites establecidos no artigo 7 do citado artigo 27 en canto a persoas ou entidades coas que non se pode concertar a subcontratación.

Así mesmo, o artigo 27.3 da citada Lei 9/2007 establece que cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000 euros, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Que o contrato se subscriba por escrito.
- Que a súa subscripción a autorice previamente a entidade concedente da subvención por escrito.

O custo total das subcontratacións poderá alcanzar o 50% do custo elixible da actividade.

No caso de adquisición de bens de equipo, ou a contratación de servizos ou subministracións e materiais, cando o importe do gasto subvencionable iguale ou supere



os 15.000 euros no global do proxecto para un mesmo proveedor, deberán achegarse un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que os presten ou subministren. Estas excepcións deberán xustificarse. A elección entre as ofertas presentadas realizarase de conformidade con criterios de eficacia e economía e achegarase unha memoria xustificativa cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

En todo caso, de acordo co artigo 43.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Axencia Galega de Innovación poderá comprobar, dentro do período de prescrición, o custo así como o valor de mercado das actividades subcontratadas.

Procederá a revogación das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e o importe equivalente á axuda en especie percibida e a esixencia de xuros de demora nos casos e termos previstos nos artigos 32 a 40 (capítulos I e II do Título II) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CUARTA.- Compromisos e autorizacións

ATIGA comprometese a:

1. Presentar previamente á sinatura do convenio:
 - Certificacións que acrediten que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento do artigo 11 e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e facilitar a inspección e control dos órganos da



Axencia Galega de Innovación co gallo de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.

2. Contabilizar de forma separada a súa actividade económica e non económica de modo que se poida distinguir con claridade entre ambos os dous tipos de actividades e entre os seus respectivos custos e financiamento.

O proxecto financiado ao abeiro deste convenio, dedicarase exclusivamente a actividades de carácter non económico, o que deberá ter o seu reflexo na contabilidade separada, citada no parágrafo anterior, de modo que se cumpra o establecido no apartado 2.1 do Marco sobre axudas estatais de investigación, desenvolvemento e innovación (DOUE C414/1, 28.10.2022).

3. Comunicar a Axencia Galega de Innovación a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, tan pronto se teña coñecemento das mesmas.
4. Dar consentimento expreso á Axencia Galega de Innovación para o tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web da Axencia Galega de Innovación e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2 d) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Dar consentimento expreso á Axencia Galega de Innovación para incluír e facer público, a través do Portal de transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente convenio.
6. Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e as normas que a desenvolven.
7. Cumprir co disposto no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
8. Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Axencia Galega de Innovación.
9. Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos e máis os xuros de mora devindicados dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, no suposto de incumprimento das



condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

10. Destinar o material inventariable ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, segundo o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, fixándose a estes efectos o período de afección dos bens respectivamente en cinco anos para os bens inscribibles nun rexistro público, e dous anos para os restantes bens.
11. Subministrar toda a información necesaria para que a Axencia Galega de Innovación poida dar cumprimento ás obrigas recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.
12. Facer constar expresamente a colaboración prestada pola Axencia Galega de Innovación en todo o material de execución, información e publicidade das actividades do convenio coa utilización do correspondente logotipo identificativo.
13. Facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do convenio no marco da avaliación da RIS3 de Galicia 2021-2027 ou doutros mecanismos relacionados coa medición da I+D+i.

2. A sinatura deste convenio comportará a autorización á Axencia Galega de Innovación para consultar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Non obstante, ATIGA poderá opoñerse á súa consulta polo órgano xestor e nese caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

QUINTA.- Condicións de pagamento e prazo para a xustificación.

Conforme ao estipulado nos artigos 60 e 62 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o importe da subvención da Axencia Galega de Innovación estipulada neste convenio será aboada a ATIGA, previa xustificación dos gastos e pagos realizados pola totalidade do gasto, conforme ao sinalado a continuación:



	ANO 2024	ANO 2025
Axuda Axencia Galega de Innovación	90.000,00 €	120.000,00 €
Orzamento total	90.000,00 €	135.000,00 €
Período realización gastos e pagos	01/01/2024 13/12/2024	14/12/2024 30/11/2025
Data límite presentación documentación xustificativa	16/12/2024	05/12/2025

De non xustificar o orzamento total indicado na táboa, a Axencia Galega de Innovación minorará a súa achega proporcionalmente, sempre e cando se acadara o obxecto do presente convenio.

Para a xustificación do pago, ATIGA, achegará a documentación que se relaciona na cláusula seguinte acompañada dun informe/memoria dos resultados obtidos e das actividades desenvolvidas.

O pagamento realizarase unha vez comprobada a axeitada xustificación da subvención conforme co artigo 30 da Lei de subvencións de Galicia.

Por resolución motivada da Axencia Galega de Innovación, previa solicitude debidamente xustificada de ATIGA, poderá autorizarse un anticipo de ata o 50% da subvención, naqueles casos en que o investimento esixa pagamentos inmediatos de acordo co artigo 63 do Decreto 11/2009. A concesión do anticipo quedará condicionada ao cumprimento, por parte do beneficiario, dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007 sin superar nunca o importe de cada anualidade.

No caso de realizarse algún pago anticipado na anualidade 2025, este soamente poderá ter lugar logo da completa xustificación pola entidade beneficiaria da anualidade precedente.

O aboamento do importe que resta da anualidade 2024 da subvención, unha vez deducido o importe anticipado, terá a consideración de pagamento a conta.



De acordo co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, exímese ao beneficiario da obriga de constituír garantías polo importe dos pagamentos anticipados e a conta establecidos neste convenio.

SEXTA.-Forma de xustificación

A xustificación da subvención por parte do beneficiario realizarase mediante a achega da seguinte documentación conforme ao disposto no artigo 48 do Decreto 11/2009:

1. Unha Memoria de actuación xustificativa do cumprimento de cada unha das actividades obxecto do convenio.
Presentarase un informe detallado para cada unha das actividades, con indicación do cumprimento respecto ao planificado e os resultados obtidos, achegando un exemplar da documentación elaborada acompañada dunha copia en formato CD ou USB, así como calquera entregable e material gráfico que se obteña no desenvolvemento de cada actividade.
2. Declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade. De ser o caso, deberá achegarse unha copia simple da resolución da concesión desas outras axudas.
3. Certificados acreditativos de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento do artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no caso de que o beneficiario se opoña á consulta polo órgano xestor.
4. Memoria económica xustificativa da aplicación dos fondos destinados ao convenio, na que conste:
 - a) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos, con identificación do concepto de gasto/actividade, o proveedor, o importe, data de emisión e data de pago.
 - b) Documentación xustificativa do investimento: orixinais ou fotocopias compulsadas dos documentos acreditativos dos gastos consistentes en facturas dos provedores ou documentos de valor probatorio equivalente: con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa, segundo o



establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 48 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da citada lei. As facturas deben conter suficiente información de detalle, que permita relacionalas co gasto xustificado. Naqueles casos nos que a devandita información non sexa suficiente, haberá de aclarar o gasto realizado por outros medios.

- c) Documentación xustificativa do pagamento: orixinal ou fotocopia compulsada de transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios, ou documentos obtidos a través da banca electrónica sempre que contén co selo do banco. En ningún caso se admitirán os pagamentos xustificadas mediante recibo do proveedor. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, o número e a satisfacción do importe total da factura (IVE incluído), así como o concepto a que se refiren. No caso en que no documento de pagamento non se faga referencia ás facturas, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pagamento. No caso en que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, xuntarase unha relación detallada delas en que se poida apreciar que o pagamento se corresponda coas ditas facturas.
- d) No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado e non sexa susceptible de recuperación ou compensación, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade con respecto ao IVE.
- e) Sen prexuízo do indicado nos puntos anteriores, no caso de custos de recursos propios (gastos xerais) xustificaranse ademais cunha memoria detallada das imputacións dos mesmos á actividade correspondente. A memoria irá acompañada dunha certificación asinada polo responsable da entidade e das correspondentes facturas ou documentos de valor probatorio equivalente.
- f) No caso de custos de persoal:
 - Certificación dos custos de persoal emitida polo responsable de recursos humanos co visto e prace do responsable de ATIGA, consistente nunha relación detallada por meses do persoal dedicado ás actividades obxecto do convenio, que deberá incluír os seguintes datos: DNI, nome, apelidos,



posto na entidade, retribución bruta e líquida mensual, data de pagamento das retribucións, importe da Seguridade Social con cargo á entidade, data de pagamento da Seguridade Social e custo total imputado (retribucións e seguridade social) segundo a dedicación de cada traballador ás actividades do convenio.

- Copia das nóminas do persoal dedicado as actividades do convenio e orixinal ou copia compulsada dos xustificantes bancarios do seu pagamento. Nos xustificantes de pagamento das nóminas deberán vir detallados os seus receptores, así como as cantidades percibidas por cada un deles. Cando a documentación xustificativa deste gasto conste dun xustificante bancario da remesa total mensual, deberá achegarse a listaxe da orde de transferencia en que se detallen os distintos traballadores incluídos, que deberá estar selada pola entidade bancaria.
 - Boletíns de cotización á Seguridade Social e os seus xustificantes de pagamento (orixinal ou copia compulsada).
 - Ademais, no caso de persoal de nova contratación para as actividades do convenio, achegarase orixinal ou copia cotexada do contrato de traballo en que poida verificarse esta exclusividade.
- g) Tres ofertas de diferentes provedores cando o importe do gasto subvencionable, no caso de adquisición de bens de equipo e contratación de servizos ou subministracións e materiais, iguale ou supere os 15.000 euros no global do proxecto cun mesmo provedor. Cando polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que o presten ou subministren, deberá achegarse unha xustificación de tal circunstancia. Se a elección entre as ofertas presentadas non tivese recaído na proposta económica máis vantaxosa, deberá achegarse unha memoria xustificativa.
- h) Carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes, conforme ao establecido no artigo 48.2.g) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A Axencia Galega de Innovación resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa, en relación coa xustificación do cumprimento do obxecto do convenio.



SÉTIMA.- Compatibilidade con outras axudas

A subvención concedida será compatible con outras axudas ou subvencións, calquera que sexa a súa natureza e a entidade que as conceda, sempre que conxuntamente non superen o custe do total da actuación subvencionada.

Deberase comunicar á Axencia Galega de Innovación, no seu caso, tanto o importe de ditas axudas como a orixe das mesmas.

OITAVA.- Seguimento e evolución.

Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento e Coordinación integrada por dous representantes da Axencia Galega de Innovación, un deles actuará como presidente, e dous representantes de ATIGA, designados a tal efecto por cada parte.

Son funcións da Comisión de Seguimento e Coordinación as seguintes:

1. Realizar o seguimento das actuacións do Convenio.
2. Propor solucións aos conflitos que puideran xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio.
3. Propor á Axencia Galega de Innovación variacións entre os importes asignados aos diferentes conceptos subvencionables recollidos no orzamento do convenio (Anexo II), que supoñan minoracións nalgún dos conceptos subvencionables superiores ao 10% da previsión inicial, para adecualos á execución do convenio e sempre e cando estas variacións non supoñan un incremento do importe da subvención prevista para cada anualidade nin da subvención total.
4. As que sexan precisas para garantir a correcta execución do convenio.

A Comisión reunirase as veces que sexan precisas a solicitude de calquera das partes asinantes.

Esta Comisión rexerase, en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos, pola normativa vixente en materia de órganos colexiados regulada na sección 3ª do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.



NOVENA.- Control

A Axencia Galega de Innovación poderá realizar as actividades de inspección que considere oportunas para cambiar o cumprimento da subvención.

En todo caso, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

DÉCIMA.- Publicidade

As entidades beneficiarias do presente convenio consenten expresamente o tratamento necesario dos datos relevantes do mesmo e a súa publicación na páxina web da Axencia Galega de Innovación e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2 d) da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Do mesmo xeito, conforme á disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, de 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, as entidades beneficiarias consenten expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos no citado rexistro.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a información relativa ao convenio requirida no ordinal oitavo do citado artigo, será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións. (BDNS).

UNDÉCIMA.- Protección de datos persoais

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia (Axencia Galega de Innovación) coas finalidades de realizar a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo



e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no indicado formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explica na información adicional recollida en: <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>.

DUODÉCIMA.- Alteración das actuacións

A petición de ATIGA e previo informe favorable da comisión de seguimento prevista no convenio, a Axencia Galega de Innovación poderá autorizar variacións superiores ao 10% entre os diferentes conceptos subvencionables recollidos no orzamento do convenio (anexo II), sempre e cando estas variacións non supoñan un incremento do importe da subvención prevista para cada anualidade nin da subvención total.

Toda alteración nas accións a realizar, deberán ser obxecto de autorización pola Axencia Galega de Innovación e formalizarse mediante a correspondente addenda ao presente convenio, consonte o artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O convenio poderá ser modificado coa finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da Comunidade Autónoma de Galicia. As



devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das actuacións a desenvolver por ATIGA ou a ampliación do prazo de execución.

DÉCIMO TERCEIRA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian realizar as actividades do presente convenio e a Axencia Galega de Innovación, de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMO CUARTA.- Autonomía do beneficiario

ATIGA manterá a súa autonomía respecto da Administración o que supón que, a pesar de que a súa actividade favorece o interese xeral, a Administración non percibe a cambio da súa entrega unha vantaxe ou beneficio que afecte de forma directa a aquelas actividades que a Administración debe asumir como propias no exercicio de competencias que as normas lle atribúen. Deste xeito, ATIGA será propietario intelectual dos traballos resultantes.

DÉCIMO QUINTA.- Resolución

Serán causas de resolución do convenio procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Así mesmo, son causas de resolución do convenio as enumeradas no número 2 do artigo 51 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- O incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado.
- O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no convenio.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.
- O acordo mutuo das partes.



O incumprimento total dos fins/obxectivos do convenio, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do investimento financiable ou da obriga de xustificación, serán causa de perda do dereito ao cobramento ou de reintegro total da subvención.

Considerarase igualmente como incumprimento total a xustificación de menos do 50% do gasto subvencionable previsto no convenio, coas consecuencias previstas no parágrafo anterior.

No caso de que se xustifique un gasto subvencionable inferior ao recollido no convenio, pero igual ou superior ao 50% daquel, considerarase a existencia dun incumprimento parcial e dará lugar á perda do dereito ao cobramento da subvención na porcentaxe correspondente ao gasto ou investimento non xustificada.

O incumprimento parcial dos fins/obxectivos do convenio dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou ao reintegro parcial da subvención na porcentaxe que se determine nos informes de seguimento.

DÉCIMO SEXTA.- Natureza e resolución de conflitos

Este convenio ten carácter administrativo, rexerase polas súas propias cláusulas e polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu regulamento aprobado no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e demais normas de dereito administrativo.

As axudas obxecto do presente convenio están dirixidas á realización de actividades de I+D+i de carácter non económico por parte dunha asociación de organismos de investigación e difusión do coñecemento de natureza privada sen ánimo de lucro e a disposición de todo o sector empresarial dun xeito indiscriminado sen que iso supoña beneficio económico para ATIGA, e cumpren cos requisitos establecidos pola Comisión Europea no Marco sobre axudas estatais de investigación, desenvolvemento e innovación (DOUE C414/1, 28.10.2022).



Non obstante, se da investigación realizada se derivasen actividades de carácter económico, ATIGA como organismo de investigación beneficiario das axudas deberá reintegrar a subvención recibida na medida da actividade xerada.

A Axencia Galega de Innovación ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade propia dos negocios xurídicos administrativos, de acordo coa Lei de contratos do sector público. As cuestións litixiosas que podan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdiccional Contencioso – Administrativa.

DÉCIMO SÉTIMA.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro do 2025, sen prexuízo de que as actividades obxecto de mesmo xa se iniciasen no mes de xaneiro de 2024.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente

Román Rodríguez González

Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Jesús Ángel Lago Gestido

Asociación de centros tecnolóxicos de Galicia



ANEXO I

Obxectivos

O convenio está orientado a:

- Fomentar a visibilidade e competitividade do sistema galego de I+D+i, activando a presenza de ATIGA en redes tecnolóxicas europeas e a participación de empresas galegas nos proxectos dese ámbito.
- Promoción e difusión de ATIGA, das tecnoloxías emerxentes e do potencial dos centros tecnolóxicos para axudar a innovar ao tecido empresarial.
- Consolidar e mellorar a fortaleza e competitividade dos centros tecnolóxicos galegos, analizando a súa especialización e aliñamento coas tendencias claves a nivel europeo, o seu posicionamento e financiación a nivel nacional e internacional, e a identificación de oportunidades conxuntas de actuación.

Actuacións

No marco do convenio contéplanse a realización de sete actuacións:

1. Participación nas principais redes de investigación e transferencia tales como a Federación española de centros tecnolóxicos (FEDIT) y EARTO
2. Organización de viaxes internacionais.
3. Actuacións de comunicación e difusión.
4. Participación en feiras.
5. Organización dun evento sobre a contribución dos centros tecnolóxicos á competitividade da economía.
6. Oficina técnica externa.
7. Persoal.
8. Gastos xerais.

1. Fomentar a conectividade e competitividade do sistema galego de I+D+i, activando a presenza de ATIGA tanto en redes tecnolóxicas nacionais e internacionais como en distintos foros tecnolóxicos de interese de forma que se maximicen as potenciais oportunidades derivadas.

- Participación en redes, plataformas e grupos, tanto nacionais como europeos, como FEDIT, Asociación Europea de Organizacións de



investigación e tecnoloxía (EARTO) ou outros. Nestes contextos xorden oportunidades varias de participación tanto para os centros tecnolóxicos de ATIGA como para empresas (propostas Horizonte Europa, distinta información de interese e outras iniciativas en colaboración).

2. Viaxes a reunións nacionais e internacionais (persoal e representantes de ATIGA que asisten a eventos, encontros e outras actividades relevantes en termos de influencia, xeración de oportunidades ou creación e mantemento de redes de colaboración) e outras actividades relacionais (encontros, networking,...) derivados tanto da presenza de ATIGA en foros tecnolóxicos e de representación como da propia labor de exploración e presenza en eventos ou foros de interese para os centros tecnolóxicos e para Galicia.
3. Promoción e difusión de ATIGA, do potencial dos centros tecnolóxicos e das tecnoloxías emerxentes para axudar coa I+D+i ao tecido empresarial:
 - Gastos de difusión das actividades do convenio e da propia ATIGA a través de servizos externos de apoio (gabinete de prensa e relación cos medios, soporte aos eventos, deseño gráfico de materiais de difusión, impresión dos mesmos, dinamización de canles de comunicación ATIGA,...).
 - Asociado a este capítulo propónse a continuación unha serie de indicadores asociados relativos á difusión realizada a través dos cales seguir as accións e coñecer o impacto conseguido. Cítanse a modo orientativo, os seguintes:

Indicadores off-line:

- a) Número de medios ou soportes impresos (en papel e dixital) e audiovisuais (radio e televisión) nos que aparece ATIGA: 3
- b) Número de aparicións en artigos impresos (en papel e dixital) e impactos en medios audiovisuais (radio ou televisión): 5.
- c) Número de páxinas equivalentes publicadas: 3.
- d) Número de presencias de ATIGA en eventos ou feiras relacionadas coa tecnoloxía ou transferencia: 2.

Indicadores on-line (para Twitter ou LinkedIn, se non se indica nada específico).

- a) Número seguidores: alcanzar os 50 en Twitter e 200 en LinkedIn.



- b) Número de impresións xeradas: alcanzar os 7.500 en Twitter e 45.000 en LinkedIn.
- c) Taxa da participación media mensual ("engagement rate"): 1,04% en Twitter e 6,2% en LinkedIn.
- d) Número de interaccións: alcanzar os 500 en LinkedIn e 150 en Twitter.
- e) Número de usuarios únicos na web ATIGA: 2.000.
- f) Número de sesións na web ATIGA: 3.000.
- g) Tempo medio de permanencia na web ATIGA: 2 minutos 30 segundos.
- h) Número de entradas na sección de actualidade subidas á web ATIGA: 10.

4. Participación en feiras nacionais o internacionais que permitirán:

- Mostrar os avances, proxectos e capacidades dos centros tecnolóxicos, mellorando a súa visibilidade e posicionando a Alianza.
- Xerando oportunidades de negocio, con novas alianzas estratéxicas.
- Intercambiando coñecemento e tecnoloxías.
- Coñecendo novos colaboradores e atraendo talento.
- Identificando os competidores, as tendencias do mercado, etc.
- Permitindo a transferencia tecnolóxica ao conectar os centros coas empresas.

5. Organización dun evento de sobre a contribución dos centros tecnolóxicos á competitividade da economía.

- a) A execución deste evento permitirá posicionar a Galicia como un destacado hub de innovación, impulsando e afianzando o impacto dos centros tecnolóxicos para fortalecer o ecosistema tecnolóxico galego.
- b) Ademais, fomentará a colaboración transversal entre diversos sectores industriais, grazas á iniciativa de ATIGA, consolidando así a rexión como un referente no ámbito tecnolóxico.
- c) O evento incluírá a participación de poñentes, paneis temáticos, sesións de traballo e mesas redondas, espazos de exhibición, axenda social para



fomentar encontros entre as persoas asistentes e o establecemento de contactos profesionais.

- d) No marco do evento deseñárase a proposta de imaxe gráfica, cunha estratexia visual para o evento, os contidos informativos e priorizaranse as prácticas sustentables, cumprindo co compromiso dun evento respectuoso co medio ambiente.
- e) Asociado a este capítulo propónse a continuación unha serie de indicadores relativos á execución do evento. Cítanse, a modo orientativo, os seguintes:

Indicadores do evento :

- a) Número de asistentes previstos: 150
- b) Número de poñentes participantes: 6
- c) Número de impactos en medios: 6
- d) Número de publicacións en redes sociais e medios: 30
- e) Impacto de marca: 18
- f) Alcance online: 5.500
- g) Interacción en redes sociais: 250
- h) Impacto da publicidade (ROI): 4.500.

6. Oficina técnica externa.

A oficina técnica externa encargárase de proporcionar un soporte especializado para as actividades detalladas nos puntos anteriores. Garantírase así a correcta implementación e execución das estratexias establecidas. O seu principal papel incluírá a asesoría técnica e a supervisión na execución dos proxectos, asegurando que todas as accións se aliñen cos obxectivos específicos definidos no convenio. Este apoio técnico enfocarase en optimizar os procesos, identificar e mitigar posibles riscos e asegurar que os criterios de calidade e eficiencia sexan cumpridos. Ademais, encargárase da monitorización continua do progreso e de trasladar recomendacións para a mellora continua.



ANEXO II – ORZAMENTO DAS ACTIVIDADES DO CONVENIO 2024-2025

ACTIVIDADE	TOTAL ORZAMENTO PREVISTO	2024	2025
1. Participación nas principais redes de investigación e transferencia tales como FEDIT e EARTO.	90.000,00 €	45.000,00 €	45.000,00 €
2. Organización de viaxes internacionais	0 €	0 €	0 €
3. Actuación de comunicación e difusión	25.000,00 €	15.000,00 €	10.000,00 €
4. Participación en feiras	12.000,00 €	5000,00 €	7.000,00 €
5. Organización dun evento sobre a contribución dos centros tecnolóxicos á competitividade da economía	28.000,00 €	5.000,00 €	23.000,00 €
6. Oficina técnica externa	20.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €
Funcionamento e gastos xerais			
7. Persoal	30.000,00 €	0 €	30.000,00 €
8. Gastos xerais	20.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €
TOTAL	225.000,00 €	90.000,00 €	135.000,00 €
TOTAL financiable	210.000,00 €	90.000,00 €	120.000,00 €